

O boletín da biblioteca

O que le non está facendo algo, está facéndose alguén...

Revista informativa da biblioteca escolar do C.E.I.P. Rosalía de Castro - Xinzo de Limia

Decembro de 2008 - Boletín nº 1

LIMIA

Este 1º boletín é unha pequena revista, elaborada polo equipo de biblioteca, que enviaremos ás súas casas para establecer un vínculo coas familias na procura de intereses comúns relacionados cos libros e as lecturas.

NOVAS DA BIBLIOTECA

Ao longo destes últimos cursos realizáronse melloras, para que o novo espazo resulte acolledor coma a decoración de paredes coa temática relacionada coa biblioteca...

Así mesmo mellorouse grazas a novas dotacións de fondos, mobiliario, canón de vídeo...



Tamén se levaron a cabo diversas actividades de animación á lectura:


- Visita á biblioteca pública.
- Posta en marcha da actividade MOCHILAS VIAXEIRAS en 6º curso.
- Organización de diferentes actividades co gallo da conmemoración das Letras Galegas, Día do libro, Día das bibliotecas. (obradoiro de ilustración Anxo Fariñas, representacións teatrais, contacontos, actuación cantautor, festival literario-musical, elaboración dunha montaxe audiovisual sobre X. M. Álvarez Blázquez...)



- Elaboración de guías de lectura.

ESTE CURSO FIXEMOS

- Incorporación da nosa biblioteca ao PLAMBE (plan de mellora das bibliotecas escolares), isto supón recibir apoio, formación e axudas económicas para a mellora do noso proxecto educativo.
- HORA DE LER. Lectura diaria durante 15 minutos.
- Ampliación da actividade MOCHILAS VIAXEIRAS aos cursos de 2º e 4º.
- Os alumnos de 5º e 6º prepararon lecturas para alumnado de E. I e 1º ciclo de primaria, visitándoos nas súas aulas e transmitíndolle o valor do conto. A ambos lle encantou a experiencia.




BIBLIOTECA ESCOLAR do CEIP Rosalía de Castro - Xinzo de Limia - Ourense

LIBROS RECOMENDADOS NADAL 2008

Educación Infantil

- Bolechas- calquera título desta colección que tanto lles gusta.
- A que sabe a lúa? - Editorial Kalandraka.
- El gran oso polar- Ed.Combel




1º Ciclo

- No me gusta leer- Editorial Vicens Vives
- Colección "Mundo Maravilloso" Ed. S.M.
 - Si, son gorda. Ed Brosquil

2º Ciclo

- Colección Pequechos- Editorial Kalandraka
- Gerónimo Stilton- calquera título desta colección
- Os megatoxos e a espada esmeralda -Ed. A Nosa Terra



3º Ciclo

- Tito Longueiron -Pinto Chinto- Ed.Kalandraka (banda deseñada)
- Todo o que necesitas saber. A grande enciclopedia para mentes curiosas. S.M. Xerme
- Cuentos en verso para niños perversos- Editorial Alfaguara
- El balonazo- Editorial S.M. Colección El barco de vapor.

Pais/mestres

- La lectura y la vida. Emili Teixidor
- Los hijos como los pimientos de Padrón.
- En vez de ver la tele... Aula magna
- Disciplina sin gritos ni amenazas. Ed. Medici
- Querido hijo estás despedido. Ed. Alfaguara



EU CONTO, TI CONTAS, ...

DE QUEN FALO?

Cando che abro a porta, atopas
Un mundo de fantasía.
Fadas, príncipes, piratas
Aos que lles podes dar vida...

Estou recheo de follas,
Pero follas de papel.
Vouche dar a última pista
Para que me coñezas ben.

Nacín da imaxinación,
Vístenme as editoriais
E a librería lévame
Dereitiño ás túas mans.



CANTO DE NADAL

Os tres camelos dos reis
ó chegaren a Galicia,
como non viron deserto,
morrían os tres de risa.
E, ó veren tanta auga
nos regatos e nas rías,
_iQue catarro imos coller
como veña unha chovisca!
Melchor toca unha gaita,
Baltasar un tamboril,
o Gaspar, que non é músico,
alumea cun candil.

(Recollido no Couto de Outeiro, Mondoñedo, por Carlos Gómez) en Nadal@galiciadixital.com

ADIVIÑA

Ave teño de nome
de lá o revestimento
o que non adiviña
non ter discorremento.

SOPA DE LETRAS

Busca nesta charca as seguintes palabras:

Papacontos, biblioteca, libros, axudantes, contos, ler e andeis.

Sortell!!!

D Z W A O F U C K T W J V Y K
S V Y X E K N E B C I N Y D C
C Z C R F X U Q Q Q Z L P K Y
G W A C E T O I L B I B G L H
P J W X S O T N O C A P A P W
A Z W D Y Z U E W P V M F U X
F W D L T J W A D L J A J F V
F S N D R I I O Y D A D Y Y Z
V C O O M L P Q W Z Q G F L Q
E E O S E T N A D U X A V N W
L A K P S O T N O C Y I O B E
Q S D B I U S O R B I L Y H K
M W S I E D N A V W A Z L W M
F Y H Q R E L N G Z C H D T Y
X Z E R Y M C C Y Y X V Z X H



ATOPAREDES MÁIS EN...

-  centros.edu.xunta.es/ceiprosaliadecastro/biblioteca
-  www.edu.xunta.es/contidos
-  www.sol-e.com
-  www.educapeques.com/index.php
-  www.orellapendella.org
-  <http://poemasparapeques.blogspot.com/>

RECOMENDÁMOSCHE QUE VEXAS ESTAS PELIS

-  Rudolph, o reno do nariz encarnado
-  Jack, o rei do Amazonas
-  O soño dunha noite de San Xoán
-  Pérez, o ratoño dos teus soños

ESTE NADAL NON TE PODES PERDER NA TVG

-  OLIVER TWIST: Domingo 21 de decembro ás 15.45
-  HARRY POTTER E A CÁMARA SECRETA: Martes 6 de xaneiro ás 15.45
-  CHÁMAME SANTA CLAUS: Venres 2 de xaneiro ás 15.45.
-  CIFRAS E LETRAS: De luns a venres ás 15.30

O equipo Dinamizador
da Biblioteca do CEIP
Rosalia de Castro
deséxavos unhas Boas
Festas e un Próspero
Año 2009